



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

CONVOCATORIA Y BASES REGULADORAS DEL 35º CERTAMEN DE NARRACIONES BREVES MANUEL MURGUÍA

BDNS (Identif.): 872489

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/872489>)

1. Objeto:

El Ayuntamiento de Arteixo convoca el 35º Certamen de Narraciones Breves “Manuel Murguía”, con la finalidad de promover la creación literaria gallega, apoyar el talento narrativo y honrar la figura de Manuel Murguía, impulsando la difusión de la narrativa contemporánea escrita en lengua gallega.

2. Participantes:

Podrán participar todas las personas mayores de 16 años que presenten una única obra conforme a estas bases.

No podrán concurrir personas que incurran en alguna de las causas de prohibición dispuestas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones (LXS).

3. Características de las obras:

- Género: Narración breve.
- Lengua: gallega.
- Temática: libre.
- Originalidad: obras originales, inéditas y no premiadas ni pendientes de resolución en otros concursos.
- Extensión: entre 30.000 y 70.000 caracteres con espacios, el que aproximadamente se corresponde entre 15 y 30 páginas.
- Formato de presentación:
 - Word, LibreOffice o similar, en páginas numeradas, tamaño DIN A4, letra Arial, cuerpo 12, interlineado doble, márgenes de 2,5 cm.
 - La obra literaria no contendrá en ningún caso el nombre de la persona autora, solo título y lema/seudónimo.

4. Presentación de las obras:

La presentación se realizará preferentemente por vía telemática, mediante el procedimiento de “solicitud general” de la sede electrónica del Ayuntamiento.

Deberán cargarse tres archivos separados:

- Obra literaria (Word, LibreOffice o similar) identificada solo con título y léemela/seudónimo.
- Plica (PDF): nombre y apellidos, copia del DNI, dirección postal y electrónica, teléfono, currículum literario breve.
- Declaración responsable (PDF) sobre los siguientes puntos (segundo anexo):
 - La obra presentada es inédita y no fue premiada en otro certamen o concurso hasta la fecha de su presentación.
 - Da su conformidad a la cesión de los derechos de edición de la obra (incluidos los de publicación, distribución y explotación) al Ayuntamiento de Arteixo, por un plazo de cinco (5) años desde la fecha de concesión del premio.
 - Otorga su consentimiento expreso para el tratamiento de los datos personales incluidos en la plica con la finalidad de enviar información relacionada con el Certamen de Narraciones Breves Manuel Murguía, de conformidad con la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.

- Autoriza al Ayuntamiento de Arteixo a verificar que se encuentra al corriente de sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social ante la Agencia Estatal de Administración Tributaria, la Administración Tributaria Autonómica, la Tesorería General de la Seguridad Social y el propio Ayuntamiento de Arteixo, con el fin de comprobar el cumplimiento de los requisitos para la obtención del premio.

Se admitirán de manera excepcional los relatos por correo postal. El sobre, sin remite, incluirá en el exterior: "35º Certamen de Narraciones Breves Manuel Murguía" y se enviará a lo siguiente dirección:

Ayuntamiento de Arteixo

Plaza Alcalde Ramón Dopico, nº 1

15142 Arteixo

A Coruña

El sobre en su interior deberá incluir la siguiente documentación:

- La obra literaria en USB o CD (en formato Word, LibreOffice o similar) identificada solo con título y lema/seudónimo y que reúna los requisitos de formato de presentación anteriores.
- Un sobre cerrado, en el que también serán visibles el título y el lema/seudónimo, incluirá en su interior la plica: nombre y apellidos, copia del DNI, dirección postal y electrónica, teléfono, currículo literario breve y la declaración responsable.

5. Garantía de anonimato de las obras:

La organización del certamen se encargará de mantener el anonimato de los trabajos presentados ocultando los metadatos de los archivos que puedan identificar la persona autora antes de ser enviados al jurado.

6. Plazo de presentación de las obras:

El plazo de presentación de originales comenzará el día siguiente al de publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) y finalizará el 31 de enero de 2026.

7. Premios:

- 1º premio: 4.000 €
- 2º premio: 2.000 €
- 3º premio: 1.000 €

Las cuantías estarán sujetas a las retenciones fiscales legalmente vigentes y se abonarán por transferencia bancaria. El jurado podrá declarar desierto todos o alguno de los premios si las obras no reúnen los méritos suficientes. Ninguna persona podrá recibir más de un premio.

8. Jurado:

El jurado estará formado por personas de reconocida experiencia y sensibilidad literaria, designadas por el Ayuntamiento de Arteixo. Será este equipo quien valore, con criterio profesional e independencia creativa, las obras presentadas y quien haga pública su decisión inapelable el 8 de mayo de 2026.

El jurado, será asistido por la persona designada por el Ayuntamiento de Arteixo como director/a literario/a del certamen, quien actuará como secretario/a asistiendo a las deliberaciones con voz pero sin voto y levantando acta.

La Junta de Gobierno Local, como órgano competente, asumirá la resolución oficial de los premios a partir de la propuesta emitida por el jurado por mayoría de votos.

Las personas que integren el jurado recibirán una compensación económica por sus trabajos de lectura, deliberación y asistencia al acto de entrega, que se abonará mediante transferencia bancaria y con la correspondiente aplicación de las retenciones fiscales vigentes.

Le corresponde al jurado interpretar estas bases durante el proceso de evaluación, y cualquier aspecto no contemplado en las dichas bases será resuelto por la organización de la forma que resulte más adecuada para el correcto desarrollo del certamen.

9. Acto de entrega:

Las tres personas finalistas deberán estar presentes el día 8 de mayo de 2026 en el acto de entrega para recibir los premios, salvo ausencia debidamente justificada.

10. Publicación y derechos de autoría:

La cuantía de los premios incluye el pago de los derechos de autor relativos a la primera edición de las obras en el ámbito de un volumen colectivo que podrá publicarse en los 5 años siguientes a la concesión de los galardones. Las personas autoras harán constar en ediciones en papel o electrónicas posteriores de su obra que fue premiada en este certamen.

11. Política de devolución:

Los originales no premiados presentados en formato CD o USB podrán ser devueltos a las personas autoras que lo soliciten por escrito en un plazo máximo de un mes desde el dictamen. Una vez finalizado ese plazo, los soportes que no fueran reclamados serán destruidos.

12. Protección de datos:

Los datos personales serán tratados de manera confidencial y podrán ser incorporados a los correspondientes ficheros del Ayuntamiento de Arteixo para el envío de información relacionada con el Certamen de Narraciones Breves Manuel Murguía. Su tratamiento se realizará conforme a la Ley Orgánica 3/2018 y al Reglamento (UE) 2016/679. Se podrán ejercer los derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación y oposición mediante solicitud dirigida al Ayuntamiento de Arteixo.

13. Aceptación de las bases:

La participación en el certamen implica la aceptación íntegra de estas bases y la conformidad con la resolución del jurado.

ANEXO:**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dña., con DNI nº mayor de 16 años y con domicilio a efectos de notificaciones en el correo electrónico y dirección C/ nº de teléfono.....actuando en representación de.....con DNI..... o en mi propio nombre y representación;

DECLARO BAJO MI RESPONSABILIDAD:

1. Que no me encuentro incurso/a en alguna de las causas de prohibición para obtener la condición de beneficiarios/as que establece el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones (LXS).
2. Que la obra es inédita y que no fue premiada, hasta la fecha de su presentación, en ningún otro certamen o premio.
3. Que doy conformidad a la cesión de los derechos de edición de la obra (incluidos los de publicación, distribución y explotación) por un plazo de 5 años desde la fecha de concesión del premio.
4. Que otorgo al Ayuntamiento de Arteixo consentimiento expreso para el tratamiento de los datos personales que constan en la plica, de conformidad con el establecido en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre de Protección de Datos personales y garantía de los derechos digitales.
5. Que autorizo al Ayuntamiento de Arteixo a solicitar de la Agencia Estatal y Autonómica de Administración Tributaria y de la Tesorería de la Seguridad Social y del Ayuntamiento de Arteixo los datos relativos a cumplimiento de sus obligaciones tributarias para comprobar el cumplimiento de los requisitos establecidos para obtener, percibir y mantener alguno de los 3 premios del Certamen de Narraciones Breves Manuel Murguía. La presente autorización se otorga exclusivamente a los efectos del reconocimiento, seguimiento y control de la prestación mencionada anteriormente y en aplicación de lo dispuesto en el artículo 95.1 K) de la Ley 58/2003, General Tributaria que permite, previa autorización del interesado, la cesión de datos tributarios que necesiten las AA.PP para el desarrollo de sus funciones.

(Lugar)....., (día).....de (mes).....de 202_

Firma

Arteixo

2/12/2025

María Dolores Dubra López, concejala de Cultura y Juventud

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO 35º CERTAME DE NARRACIÓNS BREVES MANUEL MURGUÍA

BDNS (Identif.): 872489

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/872489>)

1. Obxecto:

O Concello de Arteixo convoca o 35º Certame de Narracións Breves “Manuel Murguía”, coa finalidade de promover a creación literaria galega, apoiar o talento narrativo e honrar a figura de Manuel Murguía, impulsando a difusión da narrativa contemporánea escrita en lingua galega.

2. Participantes:

Poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos que presenten unha única obra conforme a estas bases.

Non poderán concorrer persoas que incorran nalgunha das causas de prohibición dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

3. Características das obras:

a) Xénero: Narración breve.

b) Lingua: galega.

c) Temática: libre.

d) Orixinalidade: obras orixinais, inéditas e non premiadas nin pendentes de resolución noutros concursos.

e) Extensión: entre 30.000 e 70.000 caracteres con espazos, o que aproximadamente se corresponde entre 15 e 30 páxinas.

f) Formato de presentación:

- Word, LibreOffice ou similar, en páxinas numeradas, tamaño DIN A4, letra Arial, corpo 12, interliñado dobre, marxes de 2,5 cm.

- A obra literaria non conterá en ningún caso o nome da persoa autora, só título e lema/pseudónimo.

4. Presentación das obras:

A presentación realizarase preferentemente por vía telemática, mediante o procedemento de “solicitud xeral” da sede electrónica do Concello.

Deberán cargarse tres arquivos separados:

a) Obra literaria (Word, LibreOffice ou similar) identificada só con título e lema/pseudónimo.

b) Plica (PDF): nome e apelidos, copia do DNI, enderezo postal e electrónico, teléfono, currículo literario breve.

c) Declaración responsable (PDF) sobre os seguintes puntos (segundo anexo):

- A obra presentada é inédita e non foi premiada noutro certame ou concurso ata a data da súa presentación.

- Dá a súa conformidade á cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) ao Concello de Arteixo, por un prazo de cinco (5) anos desde a data de concesión do premio.

- Outorga o seu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais incluídos na plica coa finalidade de enviar información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

- Autoriza ao Concello de Arteixo a verificar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social perante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Administración Tributaria Autonómica, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello de Arteixo, co fin de comprobar o cumprimento dos requisitos para a obtención do premio.

Admitiranse de xeito excepcional os relatos por correo postal. O sobre, sen remite, incluírá no exterior: “35º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía” e enviarase ao seguinte enderezo:

Concello de Arteixo

Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1

15142 Arteixo

A Coruña

O sobre no seu interior deberá incluír a seguinte documentación:

- A obra literaria en USB ou CD (en formato Word, LibreOffice ou similar) identificada só con título e lema/pseudónimo e que reúna os requisitos de formato de presentación anteriores.
- Un sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema/pseudónimo, incluírá no seu interior a plica: nome e apelidos, copia do DNI, enderezo postal e electrónico, teléfono, currículo literario breve e a declaración responsable.

5. Garantía de anonimato das obras:

A organización do certame encargárase de manter o anonimato dos traballos presentados ocultando os metadatos dos arquivos que poidan identificar a persoa autora antes de ser enviados ao xurado.

6. Prazo de presentación das obras:

O prazo de presentación de orixinais comezará o día seguinte ao de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e rematará o 31 de xaneiro de 2026.

7. Premios:

- 1º premio: 4.000 €
- 2º premio: 2.000 €
- 3º premio: 1.000 €

As contías estarán suxeitas ás retencións fiscais legalmente vixentes e aboaranse por transferencia bancaria. O xurado poderá declarar deserto todos ou algún dos premios se as obras non reúnen os méritos suficientes. Ningunha persoa poderá recibir máis dun premio.

8. Xurado:

O xurado estará formado por persoas de recoñecida experiencia e sensibilidade literaria, designadas polo Concello de Arteixo. Será este equipo quen valore, con criterio profesional e independencia creativa, as obras presentadas e quen faga pública a súa decisión inapelable o 8 de maio de 2026.

O xurado, será asistido pola persoa designada polo Concello de Arteixo como director/a literario/a do certame, quen actuará como secretario/a asistindo as deliberacións con voz pero sen voto e levantando acta.

A Xunta de Goberno Local, como órgano competente, asumirá a resolución oficial dos premios a partir da proposta emitida polo xurado por maioría de votos.

As persoas que integren o xurado recibirán unha compensación económica polos seus traballos de lectura, deliberación e asistencia ao acto de entrega, que se aboará mediante transferencia bancaria e coa correspondente aplicación das retencións fiscais vixentes.

Correspóndelle ao xurado interpretar estas bases durante o proceso de avaliación, e calquera aspecto non contemplado nas devanditas bases será resolto pola organización da forma que resulte máis axeitada para o correcto desenvolvemento do certame.

9. Acto de entrega:

As tres persoas finalistas deberán estar presentes o día 8 de maio de 2026 no acto de entrega para recibir os premios, salvo ausencia debidamente xustificada.

10. Publicación e dereitos de autoría:

A contía dos premios inclúe o pagamento dos dereitos de autor relativos á primeira edición das obras no ámbito dun volume colectivo que poderá publicarse nos 5 anos seguintes á concesión dos galardóns. As persoas autoras farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.

11. Política de devolución:

Os orixinais non premiados presentados en formato CD ou USB poderán ser devoltos ás persoas autoras que o soliciten por escrito nun prazo máximo dun mes desde o ditame. Unha vez rematado ese prazo, os soportes que non fosen reclamados serán destruídos.

12. Protección de datos:

Os datos persoais serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. O seu

tratamento realizarase conforme á Lei Orgánica 3/2018 e ao Regulamento (UE) 2016/679. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante solicitude dirixida ao Concello de Arteixo.

13. Aceptación das bases:

A participación no certame implica a aceptación íntegra destas bases e a conformidade coa resolución do xurado.

ANEXO:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna., con DNI nº maior de 16 anos e con domicilio a efectos de notificacións no correo electrónico, e dirección C/ nº de teléfono.....actuando en representación decon DNI ou no meu propio nome e representación;

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que non me atopo incurso/a nalguna das causas de prohibición para obter a condición de beneficiarios/as que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

2. Que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.

3. Que dou conformidade á cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de 5 anos desde a data de concesión do premio.

4. Que outorgo ao Concello de Arteixo consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na plica, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

5. Que autorizo ao Concello de Arteixo a solicitar da Axencia Estatal e Autonómica de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social e do Concello de Arteixo os datos relativos a cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter algún dos 3 premios do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control da prestación mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 K) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que permite, previa autorización do interesado, a cesión de datos tributarios que precisen ás AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

(Lugar)....., (día).....de (mes).....de 202_

Sinatura

Arteixo

2/12/2025

María Dolores Dubra López, concelleira de Cultura e Xuventude

2025/8126